

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA INSTRUMENTAL**

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN												
DISCIPLINA: PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA INSTRUMENTAL												
ESPECIALIDADE	Interpretación						ITINERARIO			CANTO		
CARÁCTER	Obrigatoria						TIPO DE CLASE			COLECTIVA		
DEPARTAMENTO	CANTO						XEFE DE DPTO.			Lorenzo de los Santos Gago		
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA			
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:			
ECTS/CUAD.							3		Observacións:			
DOCENTES:	NOME E APELIDOS						EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA		
	Aida Cruz Estévez						aidacruz@edu.xunta.gal			Xoves, de 13:30 a 14:30		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Preparación para a práctica docente. Desenvolvemento da capacidade de transmisión dos coñecementos adquiridos. Estudo das estratexias e recursos didácticos necesarios para a docencia. Coñecemento dos procesos pedagóxicos básicos das teorías das ensinanzas e do aprendizaxe, e de estratexias para o ensino e o aprendizaxe, desde unha concepción do profesor como mediador na construción do coñecemento. Deseño do currículo como ferramenta de planificación, aplicación e avaliación no proceso de ensino aprendizaxe.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os adquiridos nas diferentes disciplinas da especialidade.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	A disciplina ten relación directa con disciplinas propias de interpretación no canto (canto, repertorio, concertación, escena lírica, música de cámara e coro). A Pedagogía e didáctica instrumental debe capacitar ao alumno/a para o seu futuro como docente, conseguindo transmitir a técnica vocal adquiridas, así como as características do repertorio e estilo de interpretación.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T8, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X5, X10, X19, X24, X25, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI6
*Ver a listaxe e descrición de competencias no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Fomentar no alumno o interese pola ensinanza do seu propio instrumento.	T1, T2, T3, T8, T15, X10, X19, X24, X25, X26, EI6
Coñecer as metodoloxías existentes para a ensinanza do canto	T1, T2, T4, X19, X24, X25, EI6
Elaborar e recompilar material de traballo axeitado para os diferentes niveis do ensino do canto	T1, T2, T4, T15, X5, X19, X24, X25, X26, EI6
Coñecer a lexislación vixente a nivel autonómico referente ás ensinanzas de música, co fin de aplicala na elaboración de programacións didácticas, a largo e curto prazo, nos diferentes niveis de ensino.	T1, T2, T3, T4, T8, T15, X5, X10, X19, X24, X25,

	X26, EI6
Desenvolver estratexias de ensinanza, mostrando a capacidade de análise, e aportando solucións distintas segundo os problemas de cada alumno/a.	T1, T3, T8, T15, X10, X19, X26, EI6
Utilizar as TIC en beneficio do seu estudo e dos futuros alumnos/as, para consulta e elaboración de material didáctico, así como ferramentas pedagóxicas	T1, T2, T4, T15, X5, X24, X25, EI6

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
A planificación docente	Lexislación vixente nas diferentes ensinanzas. Estrutura e confección de programacións didácticas. Estrutura e confección de unidades didácticas	6
A ensinanza da técnica	A relaxación e respiración no Canto. Exercicios de vocalización. Exercicios de afinación, dinámicas e legato. Aplicación da técnica ao repertorio.	4
O repertorio, e o estilo interpretativo	Os diferentes xéneros vocais. Adecuación vocal ao repertorio das diferentes épocas, xéneros e estilos. Os diferentes tipos vocais. A elección de repertorio. A ensinanza do repertorio.	4
Estratexias de ensinanza aprendizaxe	Detección de posibles problemas do alumnado e emprego de solucións axeitadas. Elaboración e/ou recompilación de material adecuado aos diferentes niveis e características vocais. O rol alumno/profesor.	1(*)
As TIC e os seus beneficios no estudio	Utilización das TIC como medio de acceso rápido á información e investigación, ademais de facilitar a labor de elaboración de material didáctico. Aplicacións das TIC na clase.	1(*)
*Estes contidos aparecen temporalizados cun número de sesións determinados, referidas a aquelas nas que se dedica a maior parte clase, pero, debido ao seu carácter transversal, son traballados ao longo de tódalas sesións.		
<b>TOTAL SESIÓNS:</b>		<b>16</b>

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introdutorias (Saúdo inicial; posta en común dos coñecementos que posúen os alumnos/as ao comezo do curso, e exposición das expectativas que teñen cara ao cuadrimestre que comeza).	1		1
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	6		6
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	4		4
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).		20	20
Preparación de material didáctico	2	30	32
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, cursos ou clases de canto e/ou coro...).		22	22
Titorías (atención particular ao alumno/a)		1	1

Actividades de avaliación: - Presentación traballos - Revisión de probas	3	1	3 1
<b>TOTAL HORAS:</b>			90

<b>6. AVALIACIÓN</b>			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
<b>6.1.1. AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
-Seguimento do rendemento do alumno (Caderno do Profesor)	Asistir ás clases con regularidade e puntualidade. Amosar unha actitude positiva e interese pola disciplina. Realizar eficazmente os exercicios propostos na aula. Demostrar capacidade de resposta na asimilación dos diferentes conceptos que se traballan na clase. Realizar propostas didácticas innovadoras e coherentes. Saber transmitir os coñecementos tanto técnicos coma os relacionados co repertorio no desenvolvemento de clases prácticas	Todas	40%
-Elaboración e posterior exposición de traballos en clase -Entrega do portafolios coas diferentes actividades realizadas	Amosar coñecemento suficiente da disciplina tanto a nivel teórico coma na súa aplicación práctica. Expoñer con claridade os conceptos e saber transmitilos de maneira adaptada ás circunstancias. Demostrar control dirante a exposición tanto da secuenciación dos contidos como do tempo utilizado para cada un deles.	Todas	60%
<b>6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)</b>			
Proba escrita	Realizar correctamente os exercicios propostos na proba. Expoñer as ideas con claridade. Presentar a proba con orde, limpeza, redacción e ortografía correctas.	Todas	20%
Aplicación práctica no desenvolvemento dunha clase de canto	Saber aplicar solucións adecuadas a problemas diversos que poidan xurdir nun caso práctico. Desenvolverse con fluidez e dinamismo. Saber transmitir os coñecementos adecuándoos ao nivel suposto do alumno/a.	Todas	30%
Elaboración, presentación e defensa dun traballo relacionado coa disciplina (unidade didáctica)	Amosar coñecemento suficiente da disciplina tanto a nivel teórico coma na súa aplicación práctica. Expoñer con claridade os conceptos e saber transmitilos de maneira adaptada ás circunstancias. Demostrar control dirante a exposición tanto da secuenciación dos contidos como do tempo utilizado para cada un deles.	Todas	50%
<b>6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
Máis de catro faltas de asistencia á clase implicarán a perda de avaliación continua, tendo que someterse o alumno/a ao procedemento de avaliación alternativa.			
Proba escrita	Realizar correctamente os exercicios propostos na proba. Expoñer as ideas con claridade. Presentar a proba con orde, limpeza, redacción e ortografía correctas.	Todas	20%

Aplicación práctica no desenvolvemento dunha clase de canto	Saber aplicar solucións adecuadas a problemas diversos que poidan xurdir nun caso práctico. Desenvolverse con fluidez e dinamismo. Saber transmitir os coñecementos adecuándoos ao nivel suposto do alumno/a.	Todas	30%
Presentación e defensa dun traballo relacionado coa disciplina (unidade didáctica)	Amosar coñecemento suficiente da disciplina tanto a nivel teórico coma na súa aplicación práctica. Expoñer con claridade os conceptos e saber transmitilos de maneira adaptada ás circunstancias. Demostrar control durante a exposición tanto da secuenciación dos contidos como do tempo utilizado para cada un deles.	Todas	50%
<b>6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</b>			
Proba escrita	Realizar correctamente os exercicios propostos na proba. Expoñer as ideas con claridade. Presentar a proba con orde, limpeza, redacción e ortografía correctas.	Todas	20%
Aplicación práctica no desenvolvemento dunha clase de canto	Saber aplicar solucións adecuadas a problemas diversos que poidan xurdir nun caso práctico. Desenvolverse con fluidez e dinamismo. Saber transmitir os coñecementos adecuándoos ao nivel suposto do alumno/a.	Todas	30%
Presentación e defensa dun traballo relacionado coa disciplina (unidade didáctica)	Amosar coñecemento suficiente da disciplina. Expoñer con claridade os conceptos e saber transmitilos de maneira adaptada ás circunstancias. Demostrar control dirante a exposición tanto da secuenciación dos contidos como do tempo utilizado para cada un deles.	Todas	50%

*Para a poder optar á Matrícula de Honra, o alumnado deberá obter cunha cualificación de sobresaínte na disciplina. O/a profesor/a da do/a alumno/a comunicará ao departamento ao do final da semana dos exames. Os/as alumnos/as deberán realizar unha proba deseñada polo departamento a tal fin, cunha convocatoria específica para o mesmo, e que non excederá na súa totalidade dos 30 minutos de duración*

#### 7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p>Asemade terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>

#### 8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

<p>Allier, R. : <i>Historia de la ópera</i>. Edit. Ma non troppo</p> <p>Alier, R. : <i>Sotto voce</i>. Edit. Ma non troppo</p> <p>Allió, Miriam: <i>Los espacios de la voz</i>. Edit. Clivis</p> <p>Allió: <i>Reflexiones sobre la voz</i>. Edit. Casa Beethoven</p>
--

Blasco, J. : *Escuela práctica para la emisión de la voz*. Ed. Unión Musical

Bustos, Inés: *La voz. La técnica y la expresión*. Edit. Paidotribo

Concone: *15 vocalizzi*. Edit. Ricordi

De Mena, Ana: *Educación de la voz. Principios fundamentales de ortofonía*. Edit. Aljibe

De Pedro, e Sánchez.: *Manual práctico de ornamentación barroca*. Edit. Real Musical

Falcón, L. : *La ópera, voz, emoción y personaje*. Alianza Música

Ferrer: *Teoría y práctica del canto , El camino de una voz*. Edit. Herder

Fischer-Dieskau, D. : *Los Lieder de Schubert*. Alianza Música

Fubini: *La estética musical desde la antigüedad hasta el siglo XX*. Alianza Música

García, M. : *Trattato completo dell'arte del canto*. Edit. Ricordi

Guillot, M. : *Apprendre el comprendre en chantant Mozart*. Edit: A.Leduc París

Guillot, M. : *Apprendre el comprendre en chantant Schumann*. Edit: A.Leduc París

Graetzer, G. : *Los adornos en las obras de J.S.Bach*. Edit. Ricordi

Grout, D. : *Historia de la música occidental*. Alianza Música

Harmoncourt: *La música como discurso sonoro*. Acanalado. Barcelona, 2006

Jackson Menaldi, Cristina: *La voz normal*. Edit. Médica hispanoamericana

Jacobs, A. e Sadie, S. : *El libro de la ópera*. Edit. Rialp

Lawson, C. e Stowell, R. : *La interpretación histórica de la música*. Alianza Música

Lehmann, Lilli: *How to sing*. Edit. Dover

Mansion: *Estudio del canto*. Edit. Ricordi americana

Mantel, Gerhard: *Interpretación. Del texto al sonido*. Edit. Alianza Música. Madrid. 2010

Martín López, C. : *El italiano del melodrama. Estudio lingüístico-musical de la trilogía Da Ponte-Mozart*. Edit. Universidad de Sevilla

Perelló-Montserrat Caballé: *Canto-Dicción. Editorial Científico-médica*. Barcelona, 1982

Prevel, R.: *Orfebres de la música*. Edit. Ma non troppo

Quiñones, Carmen: *Programa para la prevención y el cuidado de la voz*. Edit. Praxis

Regidor, Ramón: *Temas del canto. El aparato de fonación*. Real Musical

Regidor, Ramón: *La clasificación de la voz*. Real Musical

Reverter, A. : *El arte del canto*. Alianza Editorial

Ricci: *Variazioni-cadenze tradizioni*. Edit. Ricordi

Ristad: *La música en la mente*. Edit. Cuatro vientos

Torti, P. : 25 solfeggi.

Turina: *Vocalizaciones*. Edit. Unión musical española

Vaccari, N. : *Método práctico de canto*. Edit. Boileau

Normativa:  
. *Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Ley Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*

. *Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro*, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

. *Decreto 203/2007, do 27 de setembro*, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

. *Orde do 28 de xullo de 2008* pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

. *Orde do 8 de febreiro de 2008* pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.